



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
Documento CONWI03E	Expediente CON/15/2012	Fecha 16-03-12 10:01



**Asunto**

Servizo de Limpeza nos edificios e dependencias do Concello de Santiago - Prego Prescricións Téctni

## **PREGO DE PRESCRICIÓN S TÉCNICAS QUE REXEN NO SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE SANTIAGO**

### **1.- OBXECTO.-**

É obxecto do contrato a prestación do servizo de limpeza nos edificios e dependencias do Concello de Santiago de Compostela relacionados no ANEXO I (dependencias municipais), ANEXO II (instalacións deportivas) e ANEXO III (centros socioculturais), e aquelas outras que poidan incorporarse, previa a tramitación prevista na lexislación aplicable, durante a vixencia do contrato.

O contratista deberá garantir o cumprimento do total das horas que comprometa na súa oferta, debendo concretar tamén o número de horas que corresponden a cada un dos anexos anteriormente mencionados. As horas que se comprometan para cada anexo, terán a condición de "estancas" dentro do mesmo, o que derivará nunha xestión independente da limpeza dos locais e edificacións incluídos en cada grupo por parte dos departamentos de contratación (anexo I), deportes (anexo II) e centros socioculturais (anexo III).

### **2.- PERSOAL.-**

O adxudicatario dispoñerá do persoal necesario para a boa execución dos traballos obxecto deste contrato, e como mínimo do que está directamente adscrito ó cumprimento do servizo.

Unha vez adxudicado ó concurso, o contratista comunicará ó Concello a relación de persoal que adscriba ó servizo, con indicación do nome, categoría, antigüidade e demais datos necesarios, incluíndo en todo caso o lugar onde presta o servizo cada un dos traballadores. Igualmente comunicará calquera variación do persoal ou do destino do mesmo que se poida producir ó longo do contrato.

O contratista designará á fronte dos traballos a unha persoa idónea, cualificada e experimentada nos traballos obxecto do contrato. Esta persoa será a receptora de todas as ordes e avisos que curse o departamento de contratación do Concello, responsabilizándose da súa inmediata e correcta execución, así como de un axeitado trato cos traballadores e usuarios das distintas instalacións.

Esta persoa estará permanentemente localizada ante o Concello durante a xornada legal de traballo e, incluso, para notificacións de urxencia, en todo momento.

O contratista responsabilizarase do aseo, decoro e uniformidade para cada época do ano, debendo guardar una uniformidade na identidade do servizo e anagrama visible, todo elo aprobado e conformado polo Concello, así como coidar da correcta prestación polo persoal ó seu cargo, dotándolle dos medios necesarios para ótimo desempeño do servizo

O persoal que realice os traballos contratados terá dependencia laboral única e exclusivamente do contratista, quen asume respecto a eles todo tipo de obrigas laborais, de seguridade social e de



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI03E	<i>Expediente</i> CON/15/2012	<i>Fecha</i> 16-03-12 10:01



seguridade e hixiene no traballo, ase como no seu caso fiscais. A estes efectos o adxudicatario, no prazo de un mes a contar desde a notificación de adxudicación, presentará ós servizos técnicos municipais o estudo de Avaliación de Riscos nos distintos centros e postos de traballo. O adxudicatario terá que ter debidamente informado o seu persoal destes extremos.

### **3.- SERVIZOS A REALIZAR E FORMA DE PRESTACIÓN:**

3.1.- O servizo a prestar, garantirá o perfecto estado de limpeza e hixiene dos locais, dependencias e inmobles municipais así como do mobiliario e elementos que conteñan, clasificándose en ordinarios e extraordinarios.

Servizo Ordinario.- Consistirá na realización dos tratamentos e frecuencias que se determinen de acordo coa proposta do adxudicatario, cos medios humanos e materiais asignados a cada un dos locais e inmobles municipais.

A execución dos traballos de limpeza comprende e acada a chans, terrazas, azoteas, pavimentos horizontais e verticais, portas e fiestras, totalidade do mobiliario, enseres e efectos diversos, cristais interiores e exteriores, mamparas, ascensores, escaleiras, servizos hixiénicos, dourados e metais, zócalos, persianas e cortinas, moquetas e alfombras, e calquera outro elemento que se encontre nas áreas de limpeza obxecto do contrato.

A limpeza realizarase con estricto cumprimento das normas básicas de protección e respecto o medio ambiente, e comprenderá os servizos que se relacionan no apartado segundo e respetará as frecuencias mínimas recollidas no apartado terceiro.

Non obstante os concursantes poderán comproba-la realidade das superficies a limpar xirando a oportuna visita ás instalacións.

Os produtos de limpeza utilizados deberán cumpri-las seguintes especificacións relativas a composición, envasado e aplicación: biodegradables, sen substancias tóxicas ou perigosas, deterxente con baixo contido en fosfatos, ou sen fosfatos, e envasados en recipientes reutilizables, homologados e coas etiquetas pertinentes.

Non se permite o emprego de aerosois ou calquera produto con repelentes gasosos.

En xeral, os servizos de limpeza favorecerán o uso de produtos respectuosos co medio ambiente e coa saúde das persoas, evitarán o uso de substancias nocivas, tóxicas ou contaminantes, e os produtos serán aplicados na maior disolución posible, igualmente o adxudicatario deberá facerse responsable dos residuos xerados.

Deberá efectuarse o traslado de papel usado dende os colectores de recollida selectiva de papel do interior dos edificios ós colectores específicos para tal fin, ase como o polbo, papeis, desperdicios e residuos de toda clase que se produzan se depositaran en bolsas e no lugar máis próximo a cada centro sinalado para a súa posterior recollida polo Servizo de Limpeza.

Servizos Extraordinarios.- Consistirá na realización de tarefas de limpeza non incluídas no Servizo Ordinario, ben pola localización, frecuencia, medios ou horario e que sexan requeridas polo

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
Documento CONWI03E	Expediente CON/15/2012	Fecha 16-03-12 10:01



Concello de forma esporádica. Para a súa realización, será condición indispensable o encargo expreso polo Servizo Municipal de Servizos-Contratación, así como a determinación dos medios a empregar e o importe dos traballos.

Para este último punto, consideraranse os prezos unitarios do Servizo Ordinario e os seus ratios resultantes, en función da superficie e uso do lugar donde se realizarán os traballos.

O adxudicatario virá obrigado á realización dos traballos extraordinarios que se lle encomenden, sempre que non supongan trastornos técnicos nin persoais, tendo dereito á percepción económica do importe dos mesmos.

3.2.- Os diferentes servizos a realizar que son obxecto de contratación serán os seguintes:

**1. Limpeza de despachos e oficinas.-** Fregados das mesmas e desempolvado de toda clase de mobles e enseres: mesas, armarios, archivadores, butacas, cadeiras, etc., así como o baleirado de papeleiras e cinceiros, repasándose cun pano húmido e secado posterior. Limpeza de teléfonos, máquinas de escribir, ordenadores e calquera tipo de material de oficina destas características.

**2. Limpeza de salóns de actos, salas de exposicións temporais e bibliotecas.-** Desempolvado de mesas, armarios, butacas, cadeiras, encerados, etc., repasándose cun pano húmido e secado posterior, incluíndo ademais o mobiliario en xeral, entendéndose tamén que deberá ser obxecto de limpeza os obxectos de decoración que se atopan nos mesmos.

Quedan incluídas as limpeza complementarias derivadas das montaxes e desmontaxes de exposicións e actividades temporais.

**3. Limpeza de vestiarios do persoal.-** Varrido e fregado dos vestiarios. Concederáse unha especial atención ós cuartos de baño co fin de acadar a máxima hixiene posible en todo momento, con limpeza metódica de sanitarios, chan, accesorios e paredes con produtos non abrasivos. Aplicación de desinfectantes e desodorizantes co fin de eliminarlos xermes.

**4.- Limpeza de ascensores, escaleiras e escalinatas.-** Varrido e fregado do piso dos mesmos, os produtos utilizados para estes fins deberán ser neutros antioxidantes.

**5.- Limpeza de pavimentos en xeral.-** Varrido e fregado dos mesmos utilizando para elo os produtos adecuados segundo tipo de pavimento. Abrillantaranse cando sexa preciso.

**6.- Limpeza de moquetas, alfombras e esteiras.-** Aspirado e desmanchado dos mesmos utilizando a maquinaria específica, procedendo a eliminación das manchas se fose preciso.

**7.- Limpeza de cuartos de aseo externos e internos.-** Varrido e fregado dos mesmos. Concederáse unha especial atención ós cuartos de baño co fin de acadar a máxima hixiene posible en todo momento, con limpeza metódica de sanitarios, chan, accesorios e paredes con produtos non abrasivos. Aplicación de desinfectantes e desodorizantes co fin de eliminarlos xermes.

**8.- Limpeza de portas cristaleiras, de madeira, vidro e ventanas en xeral.-** Realizarase a limpeza dos mesmos utilizando os produtos adecuados para tales fins. A maquinaria a utilizar que

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI03E	<i>Expediente</i> CON/15/2012	<i>Fecha</i> 16-03-12 10:01



deberá propoñer o licitador na súa oferta deberá ser adecuada o tipo de superficie e servizo que se pretende contratar.

### 3.3.- Frecuencias mínimas do servizo

#### 3.3.1. **Diariamente:**

- Limpeza, fregado e desinfección de aseos e sanitarios con produtos desinfectantes, incluíndo limpeza de azulexos baixos, griferías, espellos, etc.
- Colocación de papel hixiénico e xabón nos aseos. O custe deste material correrá a cargo do adxudicatario.
- Recollida de residuos de papeleiras e selección do papel para a súa reciclaxe.
- Conservación, limpeza e retirada de refugallos nos dispositivos hixiénicos dos aseos de mulleres.

#### 3.3.2. **Días alternos:**

- Varrido húmido e limpeza de po de entradas, corredores, escaleiras e ascensores.
- Varrido e limpeza de po por procedementos secos ou húmidos en todos os locais interiores non contemplados en frecuencias específicas.
- Portas e cristais das entradas principais.

#### 3.3.3. **Semanalmente:**

- Limpeza de mobiliario, lámpadas de mesas, equipos informáticos, portas interiores.
- Fregado de todos os halls de entrada, zonas de descanso, corredores e escaleiras.
- Varrido de patios e rúas interiores e en todo caso cando for necesario.
- Limpeza, por aspiración, de chans enmoquetados e alfombras.

#### 3.3.4. **Quincenalmente:**

- Fregado de chans de despachos, oficinas, seminarios, salas, biblioteca.
- Fregado de chans de aulas.

#### 3.3.5. **Mensualmente:**

- Limpeza de arquivos e almacéns.
- Limpeza xeral completa de aseos.

#### 3.3.7. **Semestralmente:**

- Limpeza de terrazas.
- Limpeza de todos os cristais, fixos e non fixos, exteriores e interiores.
- Limpeza de carpintería exterior e poyatas
- Fregado de sotos.
- Desempoadado de altos: teito ou calquera outro elemento accesible desde o chan con escaleiras manuais.
- Abrillantado, acristalado ou encerado de pisos cuxas características requíranos.



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI03E	<i>Expediente</i> CON/15/2012	<i>Fecha</i> 16-03-12 10:01



g) Limpeza de cuartos técnicos e salas de instalacións con supervisión, no seu caso, do servizo de mantemento correspondente.

### 3.3.8. Anualmente:

- a) Limpeza dos fondos das bibliotecas, departamentos e despachos, recomendándose que este traballo planifíquese para a súa realización durante todo o ano.
- b) Limpeza de cortinaxes e tapizados.

## 5.- MATERIAL E FERRAMENTAS.-

A adquisición de todo tipo de material necesario e maquinaria para prestación do servizo será de conta e cargo do adxudicatario, así como os gastos de conservación e mantemento para un perfecto funcionamento durante o período de vixencia do contrato, debendo cumprir as condicións de seguridade, hixiene e sanitarias que lle sexan de aplicación.

O adxudicatario deberá aportar cantas ferramentas sexan precisas para unha boa prestación do servizo, dispoñendo das reservas correspondentes para suplir as normais incidencias que xurda. Todas elas deberán atoparse en perfecto estado de conservación e limpeza.

O contratista tamén estará obrigado a dotar de papel hixiénico e xabón líquido á totalidade dos servizos hixiénicos.

A empresa adxudicataria colocará en todos os aseos de mulleres, dispositivos hixiénicos, levando a cabo a súa conservación, limpeza e retirada de refugallos a diario.

Conforme  
O contratista,

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
Documento	Expediente	Fecha
CONWI03E	CON/15/2012	16-03-12 10:01



## ANEXO I

CENTROS INCLUIDOS EN CONTRATO
<b>BRIGADA DE VIAS E OBRAS</b> Polígono do Tambre. Vía Pasteur n. 14.
<b>BRIGADA DE PARQUES E XARDÍNS</b> Praza de Camilo Díaz Baliño n. 16. Lateral da Estación de autobuses
<b>PARQUE DE BOMBEIROS</b> Avenida de Rodríguez de Viguri, 45
<b>PARQUE MOBIL</b> Polígono do Tambre. Vía Pasteur n. 14.
<b>PROYECTOS Y OBRAS</b> Praza de Camilo Díaz Baliño. Edificio da estación de autobuses
<b>CERSIA</b> Alcalde Raimundo López Pol. San Lázaro
<b>C. DESENVOLVEMENTO RURAL ARINS</b>
<b>LOCAIS DE ENSAIO</b> Estadio de San Lázaro
<b>LOCAL PROTECCION CIVIL</b> Estadio de San Lázaro
<b>CONC. MEDIO RURAL</b> Estadio de San Lázaro
<b>OFICINA URBANA SANTIAGO NORTE (Anexo Escuela Municipal de Música)</b> Rúa de Betanzos, 55
<b>CENTRO INTERPRETACIÓN AMBIENTAL</b> Parque de Belvís
<b>CECIN (ANT, OFIC DE EMIGRACIÓN E INMIGRACIÓN)</b>
<b>ESCOLA RURAL BISPO TEODOMIRO (MARROZOS)</b>
<b>ESCOLA RURAL LARAÑO</b>
<b>ESCOLA RURAL O EIXO</b>
<b>PLANTA NOBLE PAZO DE RAXOI</b> Praza do Obradoiro, 1º andar
<b>AREA DE URBANISMO PAZO DE RAXOI</b> Praza do Obradoiro, 2º andar
<b>PAZO DE RAXOI ARQUIVO</b> Praza do Obradoiro, 3º andar
<b>ASEOS PUBLICOS</b> Pazo de Raxoi, entrada pola Costa do Cristo
<b>BAIXOS DE RAXOI</b> Departamentos Informática- Persoal- Lingua Galega- Aulas de formación Pazo de Raxoi, entrada polo baixo da Travesía de Raxoi, 1º andar

<i>Dependencia</i> <b>CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 54.- PLOBA</b>		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONWI03E	CON/15/2012	16-03-12 10:01



<b>BAIXOS DE RAXOI Departamentos de Tráfico- Secretaría- Asesoría Xurídica</b> Pazo de Raxoi, baixo. Entrada pola rúa Costa do Cristo
<b>POLICIA LOCAL</b> Pazo de Raxoi, entrada pola Costa do Cristo
<b>CONCELLO VELLO OFICINA REHABILITACIÓN</b> Praza de Cervantes n. 5
<b>UMAD</b> Rúa Poeta Manuel María, 8 (Salgueiriños)
<b>DEPARTAMENTO DE SERVICIOS SOCIAIS</b> Rúa Isaac Díaz Pardo, 2-4 (Galeras)
<b>CASA DAS ASOCIACIÓNS BENESTAR SOCIAL (CABES)</b> Rúa Manuel María, 6 (Salgueiriños)
<b>SERVIZOS ECONÓMICOS Departamentos de Intervención- Facenda-Tesourería</b> Galeras, 5- 3º andar
<b>REXISTRO- ATENCIÓN Ó CIUDADÁN</b> Rúa Presidente Salvador Allende, n. 4 baixo
<b>OFICINAS INFORMACIÓN TRIBUTARIA</b> Rúa Presidente Salvador Allende, n. 4 baixo
<b>RECADACIÓN EXECUTIVA</b> Rúa Presidente Salvador Allende, n. 6 baixo
<b>DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN- SERVICIOS COMUNITARIOS</b> Rúa Presidente Salvador Allende, n. 6 baixo
<b>DEPARTAMENTO DE MEDIOAMBIENTE</b> Rúa Galeras, 17-baixo
<b>OFICINA CATASTRO E CENSO</b> Rúa Galeras, 28-baixo
<b>ESCOLA INFANTIL SAN ROQUE</b>
<b>ESCOLA INFANTIL TRAS PARLAMENTO</b>
<b>ESCOLA INFANTIL POLÍGONO DO TAMBRE</b>



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI03E	<i>Expediente</i> CON/15/2012	<i>Fecha</i> 16-03-12 10:01



## ANEXO II

<b>ESTADIO S. LAZARO</b>
<b>PAVILLÓN POLIDEPORTIVO RESTOLLAL</b>
<b>PAVILLÓN POLIDEPORTIVO SANTA ISABEL</b>
<b>PAVILLÓN POLIDEPORTIVO VITE</b>





<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI03E	<i>Expediente</i> CON/15/2012	<i>Fecha</i> 16-03-12 10:01



### ANEXO III

CSC SANTA MARTA
CSC A TRISCA
CSC CONXO
CSC FONTIÑAS
CSC VITE
CSC A GRACIA
CSC AMIO- MONTE DO GOZO
LSC ENFESTA
LSC CESAR
LSC LAMASCAL (S. JUAN DE FECHA)
LSC GRIXOA
LSC MARANTES
CSC "CASA AGRARIA" MEIXÓNFRÍO
LSC NEMENZO
LSC A PEREGRINA
LSC CANCELAS
LSC BUSTO
LOCAL VECIÑAL DO EIXO
LSC BANDO
LSC CASCO HISTÓRICO
LSC DO SAR
LSC ROMANO
LSC VERDÍA
LSC ARINS
LSC SAN LORENZO
LSC VISTALEGRE
LSC SAN XULIÁN DE CARBALLAL
LSC ANEXO DO COLEXIO SANTIAGO APOSTOL
LSC VISO
CSC CASTIÑEIRIÑO
LSC MARROZOS
LSC EIXO-BORNAIS
LSC FIGUEIRAS
LSC LARAÑO
CSC PONTEPEDRIÑA
CSC CARDENAL QUIROGA
CSC VIDÁN
CSC SANTA CRISTINA DE FECHA
CSC A ROCHA
CSC VILLESTRO
CSC O ENSANCHE
CSC PELAMIOS



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI03E	<i>Expediente</i> CON/15/2012	<i>Fecha</i> 16-03-12 10:01



<b>CSC LAVACOLLA</b>
<b>CENTRO ASOCIACIONES VECINAIS DE CORNES</b>
<b>CASA DAS AVOAS CARDENAL QUIROGA</b>